



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

## **AOS TRABALLADORES/AS DO SECTOR DA SEGURIDADE PRIVADA**

A primeira reunión celebrada en Madrid para constituír a mesa negociadora do Convenio Colectivo de Seguridade Privada, demostrou ser unha mera pantomima, na que por unha parte a Asociación Empresarial FES, ameaza con impugnar todo o que se realice nesta mesa se non se constituíe, acreditando cadaquén a súa representatividade neste preciso intre. Incluso levou notaria para levantar acta desta súa vontade.

Isto non é mais que unha treta para adiar a constitución da mesa negociadora. xa que se podía constituír sen problema ningún, quedando pendente de que se puxeran de acordo as asociacións empresariais coas pertinentes acreditacións, das que eles só son os responsables, todo isto coa complicidade e connivencia das outras asociacións, APROSER e UAS, aínda que digan que non o fan ante a oposición de FES.

Dende a **CIG**, entendemos que se tiña que ter constituído quedando pendente esta acreditación empresarial, mesmo cunha referencia na acta que as asociacións que non cumprisen co regulado no Estatuto dos Traballadores non poderían formar parte desta mesa.

O que está claro é que a boa fé que se lle supón a todas as partes, non existe, é o que tamén quedou moi claro é que non hai intención de negociar un convenio colectivo con moita axilidade, senón todo o contrario, van a adiar a constitución todo o que poidan e a paralizar a negociación o máximo posible.

Aínda que se puxo no acta que os sindicatos entendíamos que se debería constituír a mesa antes do 17 de novembro, xa que era a data tope que pedía FES, para poder ter toda a documentación para poder acreditar a súa representatividade, imos ver cando se fai finalmente.

Dende a **CIG**, o que si temos claro é que isto vaise converter nun circo, e que se vai facer unha interpretación por parte dos actores para seguir imposibilitando a negociación dun convenio con avances para os traballadores/as do sector, **que xa toca**, e o que non queremos e volver a escoitar é: **isto é o mellor que podemos facer!**

### **SEGUIREMOS INFORMANDO**

***“Se o presente é de loita o futuro é noso” Che Guevara***